

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP O COTO

CURSO: 3º NIVEL

MATERIA: MATEMÁTICAS, LC, LG, CN, CS

DEPARTAMENTO: EQUIPO DO 3º NIVEL DE ED PRIMARIA

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

Galicia.

ÍNDICE

1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

- 1.1. Ciencias naturais**
- 1.2. Ciencias sociais**
- 1.3. Lengua e lingua**
- 1.4. Matemáticas**
- 1.5. Ed Artística. Educación musical.**
- 1.6. Lingua Estranxeira : INGLÉS**
- 1.7. Educación Plástica : Inglés**
- 1.8. Relixión Católica**
- 1.9. Educación Física**

2 Avaliación e cualificación.

- 2.1. Lingua Estranxeira : INGLÉS**
- 2.2. Educación Plástica : Inglés**
- 2.3. Relixión Católica**
- 2.4. Educación Física**

3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).

- 3.1. Lingua Estranxeira : INGLÉS**
- 3.2. Educación Plástica : Inglés**
- 3.3. Relixión Católica**
- 3.4. Educación Física**

4 Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS	
Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.
Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.
ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS	
Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible.	Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.
Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.	Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.

ÁREAS DE LENGUA E LINGUA	
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade utilizando un vocabulario axeitado.
Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.	Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas.... Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais).	Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: o nome, verbo e adxectivo.
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
ÁREA DE MATEMÁTICAS	
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.

Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma, resta, multiplicación e división na resolución de problemas contextualizados.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.
Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais.	Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.
Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións
Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.
ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA	
Nota: A programación de Ed Artística anexase ao final do documento 'xa que impártese en lingua extranxeira(inglés)	
EDUCACIÓN MUSICAL	
BLOQUE 1. ESCOITA	
▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
	EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
	EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. 	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. 	EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
	EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical. 	EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.
	EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. 	EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
	EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
	EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal. 	EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. 	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles - LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá, conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e contendo co apoio visual correspondente.	B1.1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá, que conta con imaxes e/ou ilustracións que clarifican o seu significado.
	B1.1.2. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.	B1.2.1. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves que traten sobre temas familiares.
	B1.2.2. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados e de interese para o alumnado, que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	B3.1.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente.
	B3.1.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	B3.3.1. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá.	B4.1.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente.
	B4.1.2. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase.
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	B5.8.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.
	B5.8.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles - EDUCACIÓN PLÁSTICA : INGLÉS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	B1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.
B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.	B1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas.
	B1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas.
B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	B2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
	B2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado
B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	B2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – ÁREA RELIXIÓN CATÓLICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
2. Reconocer las consecuencias de la Alianza de Dios con Israel.	2.2. Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que poden ter na vida actual.	CEC CSC
3. Reconocer y valorar los signos de la amistad de Dios con su pueblo.	3.2 Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.	CSC,CCL

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS E ACTIVIDADES DE REPASO DO 3º TRIMESTRE EDUCACIÓN FÍSICA

ÁREA EDUCACIÓN FÍSICA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	EA-COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÜNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa.	EFB1.2.1. Participa activamente nas actividades propostas. EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN	B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais.
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES	B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.2. Salta e desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
		EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS	EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas.	EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais.
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE	B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.
	B5.3. Identificar as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia.

Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, ...)

No terceiro trimestre fomentaranse as rutinas de exercicio físico e mantemento dun hábito de vida saudable. Enviaranse actividades que implican movemento e que o alumnado poida realizar na casa (bailes, entrenoamento interválico, salto, estiramientos e quecemento adaptados ao entorno do fogar), actividades MULTIMEDIA – LIM

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación están consensuados por o profesorado do nivel e terán como referencia os mínimos competenciais nas materias que describimos nas táboas a partir dos criterios e estándares mínimos de avaliación.</p>
	<p>Instrumentos: Tendo en conta que os instrumentos son as ferramentas físicas, decir que en estas circunstancias excepcionais concréntanse nos seguintes instrumentos:</p> <p>Libros de texto online, con licencias facilitadas polas editoriais</p> <p>Actividades do correo electrónico e aula virtual.</p> <p>Hai que ter en conta que non son accesibles de igual maneira para todo o conxunto do alumnado.</p>
Cualificación final	<p>A CUALIFICACIÓN FINAL correspóndese coa nota media dos dous primeiros trimestres, coas modificacións á alza, de ser o caso, tendo en conta o traballo da aula nas sesións presenciais ate o 12 de marzo e o seguimento das actividades propostas durante o periodo de confinamento.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación son os que constan na táboa inicial.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Durante o mes de maio e xuño o alumnado levará a cabo actividades de reforzo para superar os criterios mínimos de avaliación. Consideramos que coa elaboración destes traballos quedan recuperadas as materias pendentes. A cualificación no boletín será dun 5 e farase constar que o alumnado recibiu reforzo educativo. Dado que o vindeiro curso as tres titoras continuaremos co mesmo alumnado teremos en conta isto a hora de facer a programación de 4º nivel.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os procedementos e instrumentos son os que figuran no apartado de avaliación.</p>

2.1- Avaliación e cualificación - LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

Avaliación	Procedementos: Os procedementos de avaliación terán como referencia os mínimos competenciais na materia a partir dos criterios e estándares mínimos de avaliación.
	Instrumentos: Como ferramentas físicas, tendo en conta que non son accesibles de igual maneira para todo o conxunto do alumnado, son os que seguen: <ul style="list-style-type: none">- Actividades propostas no blog de Inglés do centro (http://inglesnocoto.blogspot.com/)- Tarefas enviadas e recibidas por correo electrónico- Consecución de obxectivos na plataforma Navio.
Cualificación final	Correspóndese coa nota da avaliación dous primeiros trimestres (avaliación continua), coas modificacións á alza tendo en conta as tarefas realizadas durante o período de confinamento.

2.2.- Avaliación e cualificación- EDUCACIÓN PLÁSTICA: INGLÉS

Avaliación	Procedementos: Os procedementos de avaliación terán como referencia os mínimos competencias na materia a partir dos criterios e estándares mínimos de avaliación.
	Instrumentos: Actividades propostas no blog de Inglés do centro http://inglesnocoto.blogspot.com/
Cualificación final	Correspóndese coa nota da avaliación dous primeiros trimestres (avaliación continua), coas modificacións á alza tendo en conta as tarefas realizadas durante o período de confinamento.

2.3 - Avaliación e cualificación – ÁREA RELIXIÓN CATÓLICA

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo e ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma, sempre e cando beneficie ao alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Observación a través de varias canles de comunicación (correo electrónico manuelangelifurelosceipocoto@gmail.com , páxinas interactivas, aula virtual web do colexio)</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Terase en conta as cualificacións do 1º e 2º trimestre. As actividades feitas no 3º trimestre polo alumnado, terán unha valoración positiva .</p>
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado coa materia de relixión pendente.

2.4- Avaliación e cualificación- ÁREA EDUCACIÓN FÍSICA

Avaliación	<p>Procedementos e instrumentos:</p>	<p>Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo e ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma, sempre e cando beneficie ao alumnado.</p> <p>Observación do traballo do alumnado. Rexistro de actividades enviadas por correo electrónico ou outra canle.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p>	<p>Terase en conta as cualificacións do 1º e 2º trimestre. Calidade de execución motriz e actitudes de atención, respecto, interese e esforzo.</p> <p>As actividades feitas no 3º trimestre polo alumnado, terán unha valoración positiva na cualificación final do alumnado.</p>
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado coa materia de E.F. pendente de anos anteriores, nin no presente curso.	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Establecemento dun horario semanal coordinado coas familias, en onde se poñen diversas tarefas para traballar na casa.</p> <p>Todos os días se traballan actividades de matemáticas, de lingua ou lingua e de ciencias sociais ou naturais (proxectos semanais de ciencias de repaso tendo en conta os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe)</p> <p>Selección de contidos educativos dixitais de balde, que presentamos aos alumnos a modo de complemento coas actividades propostas en torno ás áreas curriculares.</p> <p>Vídeos explicativos de creación propia ou allea a fin de dar resposta a presentación de contidos complexos.</p> <p>Selección de actividades de repaso, reforzo e de ampliación online, a fin de adaptar o proceso de ensinanza individual, sempre de carácter complementario as actividades do libro de texto, que se corresponden cos mínimos esixibles.</p> <p>Monográficos de repaso de contidos traballados nos dous primeiros trimestres.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía usada para o alumnado é a que se especifica ao longo do documento, pero non é universal, porque as características socio familiares do alumnado son moi diversas.</p>
Materiais e recursos	<p>Páxina Web do centro</p> <p>Aula Virtual da páxina Web</p> <p>Abalar Móbil</p> <p>Blog da biblioteca do centro bibliocoto.blogspot.com</p> <p>Plataformas editoriais Sm e Santillana</p> <p>Libros de texto</p> <p>Correo electrónico</p> <p>Recursos web</p>

3.1.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)- LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

Actividades	<p>Establecemento de tres sesións semanais de traballo: dúas de tarefa e unha de corrección.</p> <p>Selección de fichas de traballo, físicas e dixitais, vídeos, grabacións... de repaso e reforzo do aprendido.</p> <p>Selección de instrumentos (vídeos, audios, taboleiros...) de apoio á introdución de algúns contidos elementais.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - Proposta de traballos vía online. - Comunicación coas familias por medio do blog, Abalar e correo electrónico. - Procúrase non poñer traballo que implique impresión e descarga de documentos, para minimizar os efectos da fenda dixital realmente existente.
Materiais e recursos	<p>Páxina Web do centro</p> <p>Aula Virtual da páxina Web</p> <p>Abalar Móbil</p> <p>Plataforma editorial Macmillan Aplicación</p> <p>Navio</p> <p>Blog de Inglés Libros de texto</p> <p>Correo electrónico</p> <p>Recursos web</p>

3. 2.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) -EDUCACIÓN PLÁSTICA : INGLÉS

Actividades	Elaboración de baterías de actividades en relación co proxecto anual.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de proposta de actividade plástica na casa. - Publicación de actividades no blog de Inglés. - Exposición de produción do alumnado no blog de Inglés.
Materiais e recursos	Para a información e contacto: blog de Inglés e correo electrónico. Para elaboración de tarefas: material de refugallo, e material básico para a materia (pegamento, tesoiras, papel, cores...)

3.3- Metodoloxía , actividades,mterias, recursos – ÁREA RELIXIÓN CATÓLICA

Actividades	Actividades de repaso e reforzo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado con conectividade poderá acceder aos contidos audiovisuais propostos e ás actividades en pdf enviadas por diferentes canles (páxina web, aula virtual do centro e correo electrónico, teléfono).</p> <p>O alumnado sen conectividade disporá de documentación impresa no centro que foi repartida nos domicilios.</p>
Materiais e recursos	Arquivos pdf imprimibles. Páxinas de actividades interactivas, reforzo con audios e videos na aula virtual da web.

3.4.- Metodoloxía, materiais e recursos - ÁREA EDUCACIÓN FÍSICA

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado con conectividade poderá acceder aos contidos audiovisuais propostos e ás actividades en pdf enviadas por diferentes canles (páxina web, aula virtual do centro e correo electrónico).</p> <p>O alumnado sen conectividade disporá de documentación impresa no centro que foi repartida nos domicilios.</p>
Materiais e recursos	Diversos videotitorais de actividade física publicados na aula virtual. Arquivos pdf imprimibles con proposta de exercicio físico na casa.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Canles proporcionadas pola Administración: Páxina Web do centro Aula Virtual da páxina Web Abalar Móbil</p> <p>Canles establecidas polo profesorado: Correo electrónico. Comunicación dende o teléfono persoal ou a través de Whatsapp Plataformas editoriais de Sm e de Santillana</p>
Publicidade	Aula Virtual do centro Espazo Abalar Páxina Web do centro.